

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARIÑO

Anuncio bases actividades culturais, deportivas e educativas

A N U N C I O

Aos efectos de xeral coñecemento faise público o acordo da Xunta de Goberno local pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas no ano 2017, e cuxo teor literal se reproduce a continuación:

“BASES DE AXUDAS PARA SUFRAGAR AS ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS: ANO 2017

“As presentes bases rexerán a convocatoria de concesión de axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas dos/as alumnos/as empadroados/as e escolarizados/as en Cariño nos seguintes cursos:

- Infantil (3, 4 e 5 anos).
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas para garantir o acceso ás actividades culturais, deportivas e educativas que se realicen no Concello de Cariño durante o ano 2017, destinadas ós/ás alumnos/as empadroados/as e escolarizados/as nesta localidade nalgún dos cursos desta convocatoria, pertencentes ás familias con menor poder adquisitivo do municipio, non sendo compatibles con calquera outra axuda que perciban polo mesmo concepto.

O fin último destas axudas é favorecer a integración sociocultural e garantir as necesidades básicas destas unidades familiares no eido da cultura, educación e deporte.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria aquelas persoas que cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os seguintes requisitos:

1º. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia: ingresos non superiores ao importe do SMI* por unidade familiar composta por 2 membros, que se incrementará nun 10% por cada membro que conforme cada unidade familiar, entendendo por esta a composta por nais, pais, titores/as ou acolletores/as e os/as menores:

TÁBOA 1: LÍMITES APLICABLES	
Nº CONVIVENTES	*SMI + 10% POR CADA MEMBRO DA U.F.
2	707,60
3	778,36
4	856,19
5	941,81
6	1035,99
7	1139,59
8	1253,55

(*) SALARIO MINIMO INTERPROFESIONAL 707,60 €/MES (23,59 €/DÍA)

2º. Estar empadroados en Cariño.

3º. Estar matriculados/as en centros de ensinanza situados no termo municipal de Cariño.

4º. Presentar a solicitude dentro do prazo sinalado, xunto á documentación esixida.

3. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

As xerais recollidas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as seguintes:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.
- c) Xustificar, antes do 15 de decembro de 2017, as axudas concedidas.

4. CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS.

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que só poderá concederse unha axuda no mesmo ano para o mesmo concepto.

Segundo a dispoñibilidade orzamentaria, a axuda poderá cubrir ata o 100% do custo da actividade.

En caso de solicitudes con varias actividades, e non existindo dispoñibilidade orzamentaria para cubrir o total das mesmas, serán subvencionadas as actividades por orde de prelación establecida na solicitude.

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 8.000 euros que se imputará á aplicación 326-48000 do orzamento de gastos do ano 2017.

6. SOLICITUDES.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Cariño.

Facilitarase o impreso de solicitude nas Oficinas dos Servizos Sociais Comunitarios, sito no Edificio da Casa do Concello, Avda.Paz, nº 2, así como no Rexistro Xeral do Concello.

A documentación que deberán achegar xunto coa solicitude (ANEXO I) será a seguinte:

- **ANEXO II.**
- Fotocopia do DNI do/da solicitante, NIE ou pasaporte.
- Volante de empadramento da persoa solicitante.
- Volante de convivencia da persoa solicitante.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia do certificado de minusvalía, resolución de invalidez ou do recoñecemento do grao de dependencia, no caso de que algún membro da unidade de convivencia estea afectado por algún tipo de discapacidade.
- Declaración responsable da persoa solicitante na que se faga constar:
 - A contía dos ingresos obtidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de rendas, intereses, retribucións, pensións, ou calquera outro título.
 - Xustificación documental dos bens mobles e inmobles de todos os membros da unidade de convivencia..
 - Que non se están a percibir nin se solicitaron outras prestacións para o mesmo fin, no caso de telas concedidas, copia da resolución.
- Orzamento do gasto polo que se solicita a axuda.
- Última declaración da renda ou certificación negativa de non facela de todos os membros da unidade de convivencia.
- Certificacións bancarias de saldos, depósitos valores e contas a 31 de decembro do último ano de todos os membros da unidade de convivencia.
- De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co convenio regulador e en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- Tarxeta do Servizo Público de Emprego que acredite a situación de demanda ou mellora de emprego das todas as persoas que conformen a unidade de convivencia, se é o caso.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa documentación pertinente presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación será de 15 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello. As bases e os seus anexos estarán a disposición das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Concello ou nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios.

Se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requiriráselle ós/ás interesados/as para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas; de non facelo teráselle por desistido a súa solicitude.

8. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar e en base á táboa 1, indicada no punto 2 das presentes bases.

De existir unha persoa na unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, computará como dous membros; si a discapacidade é superior ao 65% computará por tres membros.

No caso de que a situación de dependencia sexa igual ou maior ao Grao II computará por tres membros e con Grao I por dous.

De presentarse resolución de incapacidade permanente total traducirse en dous membros e por incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez por tres.

9. VALORACIÓN DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN.

Para a valoración das solicitudes constituirase unha comisión de valoración que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: Norma Novo López.

- Vocais:

Educador/a Familiar do Concello de Cariño.

Luis Manuel Prieto Díaz

- Secretaría: o Titular da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, con voz pero sen voto.

- Intervención: a Titular da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, con voz pero sen voto.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución, que non terá carácter vinculante. As decisións sobre outorgamento e denegación da subvención corresponden á Alcaldía.

O prazo máximo para resolver será dun mes, a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

10. REINTEGRO DE SUBVENCIONS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedian.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda.

c) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polas persoas beneficiarias das axudas, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

11. RECURSOS.

Contra a resolución definitiva poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano competente e nos prazos legalmente establecidos.

12. DISPOSICIÓN ADICIONAL.

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e, de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006, de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cariño, a 06 de Xuño de 2017.- O Alcalde.- José M. Alonso Pumar

SOLICITUDE DE AXUDA PARA SUFRAGAR AS ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E EDUCATIVAS: ANO 2017	
DATOS SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO	

COMPOSICIÓN E VARIABLES SIGNIFICATIVAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA				
NOME E APELIDOS	DNI	PARENTESCO	MINUSVALÍA/ DEPEN/INCAP	INGRESOS
S O L I C I T A N T E				

SOLICITO:

Que me sexa concedida a axuda de emerxencia para sufragar as actividades culturais e/ou deportivas, destinada aos seguintes estudantes, que cursarán estudos no/s centro/s e curso/s que a continuación se relacionan:

NOME ALUMNO/A	CENTRO EDUCATIVO	CURSO

DECLARO:

Que de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas para o ano 2017.

· Coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.

· Sométome ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Cariño poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

· Que estou ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

· Que para o mesmo fin (sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas correspondente ao ano 2017), non foi solicitada ningunha outra axuda doutra administración pública.

Cariño, a ____ de _____ de 2017

Asdo./

A/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude (ANEXO I):**ANEXO II.**

- Fotocopia do DNI do/da solicitante, NIE ou pasaporte.
- Volante de empadroamento da persoa solicitante.
- Volante de convivencia da persoa solicitante.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia do certificado de minusvalía, resolución de invalidez ou do recoñecemento do grao de dependencia, no caso de que algún membro da unidade de convivencia estea afectado por algún tipo de discapacidade.

- Declaración responsable da persoa solicitante na que se faga constar:
 - A contía dos ingresos obtidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de rendas, intereses, retribucións, pensións, ou calquera outro título.
 - Xustificación documental dos bens mobles inmobles de todos os membros da unidade de convivencia.
 - Que non se están a percibir nin se solicitaron outras prestacións para o mesmo fin, no caso de telas concedidas, copia da resolución.
- Orzamento do gasto polo que se solicita a axuda.
- Última declaración da renda ou certificación negativa de non facela de todos os membros da unidade de convivencia.
- Certificacións bancarias de saldos, depósitos, valores e contas a 31 de decembro do último ano de todos os membros da unidade de convivencia.
 - De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co convenio regulador e en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
 - Tarxeta do Servizo Público de Emprego que acredite a situación de demanda ou mellora de emprego de todas as persoas que conformen a unidade de convivencia, se é o caso.

ANEXO II

D./D^a. _____, Secretario/a do centro _____, en relación á solicitude de axuda para sufragar as actividades culturais, deportivas e educativas do ano 2017 convocada polo Concello de Cariño.

CERTIFICO:

Que o/a alumno/a _____, realizou a matrícula para cursar neste centro estudos/actividades de _____, durante o ano 2017.

E para que conste, asino o presente certificado, a petición da persoa interesada en Cariño, a __ de _____ de 2017.

Asdo.

/A SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARIÑO

Cariño, 12 de setembro de 2017

O Alcalde

Asdo: José M. Alonso Pumar